

**9º TRIATLÓN MENORES GOODLIFE
CONCELLO DE CEDEIRA
(PBX/BNX/ALV/INF/CAD)
SÁBADO 14 XUÑO 2025**

REGULAMENTO

Organiza:

Club Natación Cedeira Delikia
Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno
Teléfono: 982251345

Colaboran:

GOODLIFE

Protección Civil Cedeira
Concello de Cedeira
Deputación de A Coruña
Secretaría Xeral para o Deporte
Protección Civil Cedeira

Participantes previstos: 300

Data e horario da carreira:

Sábado 14 xuño de 2025

HORA	CATEGORÍA	ANOS
17:50	Pre Benxamín * ACUATLÓN	2018 e 2019
18:00	Benxamín Feminina e Masculina	2016 e 2017
18:20	Alevín Feminina	2014 e 2015
18:40	Alevín Masculina	2014 e 2015
19:05	Infantil Feminina	2012 e 2013
19:30	Infantil Masculina	2012 e 2013
20:00	Cadete Feminina e Masculina	2010 e 2011

*Saídas TRIATLON INCLUSIVO- Habrá saídas diferenciadas nas distintas categorías, para deportistas con discapacidade certificada superior ao 33%, se así o precisan por cuestións de equipamento.

Hora de remate das probas as 20:35 h.

Entrega de Premios ás 20:45 h. Aprox

Distancias:

CATEGORÍAS	ANOS	NATACIÓN		BICICLETA		CARREIRA 2	
PRE BENXAMÍN	2018 / 2019	1 Volta	50 m.			1 Volta	500 m.
BENXAMÍN	2016 / 2017	1 Volta	100 m.	1 Volta	1,8 km.	1 Volta	500 m.
ALEVÍN	2014 / 2015	1 Volta	200 m.	2 voltas	3,5 km.	1 volta	1000 m.
INFANTIL	2012 / 2013	1 Volta	300 m.	3 voltas	5,2 km.	2 voltas	2000 m.
CADETE	2010 / 2011	1 Volta	400 m.	4 voltas	7 km.	3 voltas	2500 m.

Saída, transición e meta:

Paseo Marítimo Praia A Magdalena.

Recollida de dorsais:

Dende ás 16:00h ata media hora antes de cada saída.

Control de Material:

Dende 30 minutos antes de cada saída ata 10 minutos antes da mesma.

Os/as deportistas accederán con todo o material colocado (dorsais, casco, bicicleta...)

Cámara de chamadas

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10' antes da súa saída.

Inscricións:

Inscripción gratuíta.

(Só deportistas con licenza da FEGATRI de tempada)

Ata o martes 10 de xuño de 2025

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Competicións/Inscripcións](#)

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/Inscripcións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código e contrasinal do club

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Baixas e política de Devolución

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes das 20:00 do mércores anterior a proba. As baixas non comunicadas en prazo, terán a correspondente penalización de 5,00 euros por deportista, que serán facturadas ao club de acordo ao regulamento de tríatlon de menores



Publicación de Listas de Inscritos

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Premios:

- Medallas/trofeo para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría e xénero (individuais e por equipos).
- Medallas para os participantes de categoría inclusiva

Cronometraxe

Haberá cronometraxe con chip, farase entrega co dorsal, os cales serán devoltos integramente ao finalizar a carreira.

NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes da Federación Galega de Tríatlon, Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

Os nenos e nenas deberán identificarse cun documento oficial con foto (*Todos teñen a descarga da licenza a disposición no seu perfil*)

Para as categorías benxamín e alevín, estarán permitidos os minifreos nas bicicletas, unha vez que se revise que a súa colocación non infrinxe a seguridade para deportistas e resto de participantes.

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuitos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

Servizos médicos e seguros deportivos

Os servizos médicos da organización destinados ao longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre triatletas, polo que estes lle deberán ceder o paso.

Os/as participantes, contarán co seguro deportivo do programa XOGADE, para actividade deportiva federada de 6-16 anos, debendo seguir o protocolo publicado na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ante calquera incidencia.



Reclamación e Apelación

Segundo o regulamento oficial de competición anexo FEGATRI.

CIVISMO E RESPECTO:

Os/as participantes a través dos seus responsables, aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta.

Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométense tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os/as xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación de acordo ao regulamento deportivo. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.




PARKING RECOMENDADO:



PERCORRIDOS:



















Gracias aos nosos colaboradores:



Concello de
Cedeira



Deputación
DA CORUÑA

